

NOME DO PROXECTO	PROMOTORA	MUNICIPIOS AFECTADOS	CARACTERÍSTICAS	IMPACTOS AMBIENTAIS
Parque eólico Badulaque de 90 MW e a súa infraestrutura de evacuación	Enel Green Power España, S.L	As Pontes, As Somozas, Cedeira, Cerdido, Moeche, e Valdoviño, provincia da Coruña.	<p>1. Parque eólico Badulaque de 90 MW de potencia nominal, estará integrado por vinte (20) aeroxeradores tripala de 170 m de diámetro, de 4.500 kW de potencia nominal unitaria e 115 m de altura do buxeiro. Tamén se previu tres (8) posicións de reserva con obxecto de ser executada no caso de que algunha das posicións titulares sexan consideradas non viables durante a tramitación do presente parque eólico. A evacuación da enerxía eléctrica xerada polos aeroxeradores realizarase a través de 5 liñas subterráneas de Media Tensión (33 kV) á SET "Badulaque".</p> <p>2. SET 33/220 kV Badulaque.</p> <p>3. Subestación Colectora SET Colectora 33/220/400 kV As Pontes.</p> <p>4. A SET 33/220 kV "Badulaque" recibirá a enerxía xerada no parque eólico Badulaque, por medio das liñas subterráneas correspondentes, e evacuará a través dunha liña aérea de Alta Tensión en 220 kV, obxecto tamén do anteprojecto, á SET Colectora As Pontes.</p> <p>BOLETÍN OFICIAL DO ESTADO Núm. 161 Mércores 7 de xullo de 2021 Sec. V- B. Páx. 43070 cve: BOE- B- 2021-32560 Verificable en https://www.boe.es</p> <p>5. Liña subterránea de 400 kV entre a SE Colectora As Pontes e o punto de conexión á Rede na Subestación de REE As Pontes (posición Grupo 3 Central Térmica). O parque eólico Badulaque forma parte</p>	<p>Prexuízos significativos e incompatibles co mantemento dos hábitats prioritarios e de interese comunitario nun estado de conservación favorable:</p> <p>Afección severa e prexuízos significativos e irreversibles para a bosque de ribeira (hábitat prioritario). Os hábitats naturais de interese comunitario requiren de zonas de especial conservación conforme á Directiva 92/43/CEE do Consello do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres. Non poden ser por tanto nin eliminados, nin degradados. A normativa citada indica expresamente que estes hábitats deben ser conservados e manterse nun estado de conservación favorable.</p> <p>Cómpre salientar que os hábitats prioritarios 4020* Brezais húmedos atlánticos de Erica ciliaris, 7110 * Turbeiras altas activas, 91E0 * Bosques aluviais de Alnus glutinosa e Fraxinus excelsior (Alno- Padion, Alnion incanae, Salicion albae) veranse afectados significativamente e de xeito irreversible pola estación eólica e a súa infraestrutura de evacuación. 9230. Bosques galaico-portugueses con Quercus robur e Quercus pireaica, 9260 Bosques de Castanea sativa.</p> <p>O aeroxerador BAD 25 de Reserva atópase sobre HIC 4020*. Do mesmo xeito afetarán a este hábitat o vial, a gabia e a plataforma de nova creación.</p> <p>Hai tramos de gabias de conexión de aeroxeradores que cruzan zonas do hábitat 91E0, como é o caso da conexión entre os aeroxeradores BAD23 reserva e BAD28. Aquí produciríase a eliminación de especies de xeito irreversible ao producirse a súa eliminación.</p> <p>Os aeroxeradores BAD26 27 e 28 de Reserva inciden no hábitat 4030, que será afectado por viais e/ou gabias de conexión. A liña de evacuación afecta ao hábitat 4030, e sobre este sitúanse os apoios 30, 31, 32 e 33.</p> <p>Os apoios 53 e 54 sobrevóase o hábitat 6431 "Prados húmedos seminaturales de herbas altas".</p> <p>A área de Defensa contra Incendios Forestais (ADCIF) elabora a base de datos de incendios forestais por municipios a partir dos partes de incendios, formularios utilizados para o enchemento dos datos de cada incendio sucedido anualmente. Desta maneira ofrécese información relativa ao número de conatos e incendios, así como da superficie forestal afectada en cada municipio para o devandito período. Esta base de datos contempla a existencia de incendios nos últimos anos.</p> <p>Vulneración normativa: **Artigo 59 da Lei 7/2012, de 12 de xuño. Cambio de uso forestal</p> <p>1. O cambio de uso forestal dun monte, cando non veña motivado por razóns de interese xeral, e sen prexuízo do disposto no artigo 28.2 desta lei e da normativa ambiental aplicable, terá carácter excepcional e requirirá informe favorable do órgano forestal e, de ser o caso, do titular do monte. 2. A Administración forestal competente poderá regular un procedemento máis simplificado para a 29 autorización do cambio de uso naquelas plantacións forestais temporais para as cales se solicite unha reversión a usos anteriores non forestais. 3. En terreos afectados por incendios forestais, non se poderá producir un cambio de uso en trinta anos. Con carácter singular, poderanse acordar excepcións sempre que, con anterioridade ao incendio forestal, o cambio de uso estiver previsto: a) Nun instrumento do planeamento previamente aprobado. b) Nun instrumento do planeamento pendente de aprobación se xa foi obxecto de avaliación ambiental favorable ou, de non ser esta esixible, se xa foi sometido ao trámite de información pública. c) Nunha directriz de política agroforestal que recolla o uso de pastos ou agrícola extensivo en montes incultos ou en estado de abandono que non estean arborados con especies autóctonas.</p> <p>*Ausencia dun inventario ambiental serio e cumprindo co esixido no artigo 35 e Anexo VI da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental: deficiencia do estudo da fauna, da flora, da biodiversidade...</p> <p>*A promotora obvia a importancia micolóxica da área de afección do proxecto.</p> <p>*A promotora obvia a importancia económica da produción de castaña en réxime ecolóxico polo que respecta á afección aos soutos.</p>

dun conxunto de 6 Parques Eólicos situados na zona noroccidental da provincia da Coruña, en desenvolvemento por parte de Enel Green Power España S.L. O conxunto dos parques eólicos, denominados Caaveiro, Tesouro, Barqueiro, Badulaque, Santuario e Moeche ten unha potencia instalada conxunta de 611 MW e conectan nun mesmo punto de conexión á Rede a Subestación de REE As Pontes (posición Grupo 3 Central Térmica).

VULNERACIÓN FLAGRANTE DA LEI 7/2012, DE 28 DE XUÑO DE MONTES DE GALICIA. ELIMINACIÓN DA MULTIFUNCIONALIDADE DO MONTE.

O monte é un sector estratéxico na economía galega que contribúe a mitigar o cambio climático e á descarbonización da economía. Aspecto non avaliado pola promotora. A mercantil promotora non avalía o impacto da estación eólica e as súas infraestruturas de evacuación sobre o benestar das familias dos núcleos habitados e o posible éxodo poboacional que se pode dar derivado da mancha de estacións eólicas que hai no territorio e outras infraestruturas, que dificultan a vida no rural e a sustentabilidade e viabilidade das explotacións forestais e agro – gandeiras (fomentando o feito coñecido como despoboamento do rural ou España 16 baleirada). A este respecto debera informar a Dirección Xeral Xeral de Defensa do Monte da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia e á luz da exposición de motivos e o artigo 5 da Lei 7/2012, de 28 de xuño se informe sobre a prevalencia do uso forestal sobre o uso eólico e a incompatibilidade deste, dentro da superficie afectada pola poligonal do parque eólico, en tanto en canto como ben di a exposición de motivos da referida lei, o monte galego é unha fonte de riqueza que xera emprego estable, descarboniza a economía, cumpre co protocolo de Kioto e realiza unha contribución importante ao PIB galego.

Así os apoios da liña de evacuación, a maioría deles, prevense localizalos sobre explotacións forestais e madeiras. Os apoios número do nº 73 ao nº 80 localízanse sobre vexetación que se corresponde con explotacións forestais e madeiras formando un mosaico con cultivos forraxeiros que abastecen ás granxas familiares que hai nos núcleos rurais afectados, e que constitúen o medio de vida das familias que viven e residen neles.

AFECCIÓN SEVERA E PREXUIZOS SERIOS E IRREPARABLES PARA AS EXPLOTACIÓNS FORESTAIS, MADEREIRAS E AGRO-GANDEIRAS DA ÁREA DE AFECCIÓN DO PROXECTO:

Cómpre destacar a importancia económica das explotacións forestais e madeiras da área de afección do proxecto como complemento das economías domésticas e familiares. As rendas do sector forestal e a importancia deste ao PIB da Comunidade de Galicia e ao desenvolvemento da industria da madeira foi obviado pola mercantil promotora. A estación eólica e as súas infraestruturas de evacuación fragmentan as explotacións forestais e madeiras e as agro –gandeiras coa conseguinte perda da base territorial destas e a perda de rendementos. A fragmentación que produce a infraestrutura eólica resulta incompatible cos obxectivos da Política agraria comunitaria (PAC). A empresa promotora non avaliou os impactos do proxecto sobre estas explotacións económicas e como repercute a estación eólica nas economías familiares dos núcleos afectados.

FALLA DE UTILIDADE PÚBLICA E INTERÉS SOCIAL DO PROXECTO:

Indica a mercantil promotora:

“Durante la fase de explotación de la instalación se estima la generación de, aproximadamente, 4 empleos vinculados de forma directa e indirecta con la operación y mantenimiento de la misma”.

Cómpre salientar que a promotora fala dunha aproximación en canto a xeración de emprego. Nin sequera serían 4 empregos fixos.

Por outra banda indica a mercantil promotora:

“Previamente a este paso, el Marco sobre clima y energía para 2030 es el marco de actuación en materia y energía hasta el 2030 que contempla una serie de metas y objetivos políticos para toda la UE durante el periodo 2021-2030. Estos objetivos para el 2030 son:

•¡Al menos un 40% de reducción de las emisiones de gases de efecto invernadero (respecto a 1990)....”, obviando a contribución actual do monte galego á descarbonización da economía e a súa aportación ao cumprimento dos compromisos asumidos en virtude do Tratado de Kioto, xa que logo, como ben saben a Exposición de Motivos da Lei 7/2012, de 28 de xuño de Montes de Galicia indica literalmente:

“O monte, ademais da importancia económica e social referenciada en Galicia, ten unha función medioambiental que se reconece e acrecenta progresivamente. A relación da sociedade galega co monte evolucionou considerablemente desde o último terzo do século pasado, xerando unha nova configuración baseada na esixencia do desenvolvemento sustentable e do aproveitamento racional dos recursos forestais. Así, os bosques aparecen como un elemento básico da estratexia

ambiental como reservorios e depósitos de fixación de carbono, que chegan a fixar hoxe máis de 42 millóns de toneladas, o que os converte en piares fundamentais para o cumprimento dos compromisos adquiridos no protocolo de Quioto”.

Afección severa e incompatible coas lagoas, brañas e humidais presentes na área de desenvolvemento deste proxecto, dentro da poligonal do parque e nas comarcas de implantación dos seis parques eólicos que configuran o plan industrial da mercantil Enel Green Power España, S.L.:

non avaliado pola mercantil promotora. No sector nordés do lago das Pontes existen humidais, que serven de refuxio para as aves acuáticas. Estes humidais desempeñan unha función ecosistémica fundamental como lugares de lugares de invernada para anátidas e larolimícolas, abrigo pola afluencia de aves procedentes do norte de Europa.

Afección severa ás masas de auga soterradas, aquíferos e captacións de auga para consumo humano e as explotacións agro –gandeiras da poligonal do parque:

non avaliado pola promotora

Afección ás zonas protexidas de auga potable (ZPAP) lineais e poligonais:

non avaliado pola promotora. Afección severa aos recursos hídricos.

Vulneración flagrante da Directiva Marco da Auga (DMA). AUSENCIA DUN ESTUDO HIDROLÓXICO E HIDROEOLÓXICO QUE GARANTA A CALIDADE DAS MASAS DE AUGA SUPERFICIAIS E SOTERRADAS E A NON AFECCIÓN AOS ACUÍFEROS:

Na contorna do parque eólico atópanse numerosos ríos pero a mercantil promotora só indica como principal o río Grande de Xubia, ao sur do parque eólico e sobrevoado pola liña eléctrica; o Río Mera polo leste do parque eólico, río Condomiñas polo norte, río das Forcadas polo sur dos aerogeneradores, río de Barbelas que cruza de norte a sur entre os aerogeneradores e paralelo ao primeiro tramo da liña de evacuación. Ao final do punto de evacuación atópase próximo o lago “Dás Pontes de García Rodríguez” que é “o lago artificial máis grande de Europa” a base de auga de choiva e moitos millóns de litros do río Eume sobre o oco dunha vella mina de lignito esgotada en 2007.

O estudo hidrolóxico que realiza a mercantil promotora é moi deficiente. Non indica todos os cauces afectados, a meirande parte deles innominados. Tampouco indica as masas de auga afectadas, fontes, puntos de captación para consumo humano e agro –gandeiro...etc. Tampouco analiza a calidade das masas de auga superficiais e soterradas.

Prexuízos significativos para as familias que viven e residen nos núcleos poboacionais afectados polo proxecto. Afección ao benestar e á saúde. Vulneración flagrante do Convenio europeo da Paisaxe: a cidadanía ten dereito a ser consultada e a decidir sobre o impacto visual e paisaxístico do proxecto. Impacto inasumible e incompatible coa habitabilidade dos núcleos.

Tendo en conta que a altura dos aerogeneradores é de 200 metros existen moitos núcleos e familias afectadas por este despropósito de macro parque eólico.

En canto a núcleos de poboación que terán visibilidade do parque, son: Cedeira, O Porto de Espasante, Valdoviño, Monte Faro, Ortigueira, As Felgasas, e San Felipe, xa que son os máis próximos aos futuros aerogeneradores, ademais de San Sadurniño, San Ramón, O Canto do Muro, Taraza, Santa Margarida, Neda ou municipios máis afastados Ferrol, Narón, e multitude de casas diseminadas e pequenos pobos pola contorna do parque eólico.

Respecto a os núcleos de poboación que van ter visibilidade da liña de evacuación aérea de 220 kV, dentro da conca visual atópanse numerosos núcleos diseminados de menos de 100 habitantes. Moitos destes núcleos terán visibilidade da liña, como son As Felgasas, O Potoibo, Seoane ou Espeñaredo, así como outros núcleos e aldeas que a mercantil promotora obvia por ter menos de 100 habitantes.

Ademais da afección paisaxística hai que ter en conta a afección ao benestar e á saúde das familias que viven e residen nos núcleos afectados polas instalacións.

Afección significativa e severa para o Camiño de Santiago:

Destacar tamén o Camiño de Santiago, xa que terá visibilidade un tramo do trazado entre Ferrol e Narón e atópase tamen afectado por outros parques da promotora.

Ao anterior hai que engadir a visibilidade da liña de alta tensión e o incremento do feísmo paisaxístico non só con este macro parque, senón tamén cando se instalen os parques eólicos “Moeche” e “Badulaque”.

As áreas de especial interese na zona en estudo son as seguintes:

Fraga dá Carballeira (AEIP 11.10); Castelo de Moeche (AEIP 11.07); Fraga de Os Casás (AEIP 11.03); Serra do Frogoselo (AEIP 10.04); O Lago das Pontes (AEIP 11.09). Fraga das Esqueiras, Fraga de Ambosores – Alto Sor, Serra dá Carba, Pazo dá Marquesa – Xubia, Fragas e ferverza de Belelle, Fragas do Eume, Río Sor, Ferverza e Miradoiro de Auga Caída, Fraga das Esqueiras, Pozo da Ferida.

Hai que lembrar que a altura dos aeroxeradores é de 200 metros e o impacto paisaxístico preto da costa e dos núcleos habitados é brutal e inasumible. O feísmo paisaxístico incrementárase.

A mercantil promotora indica:

“La envolvente del parque eólico, considerada es de 20 km de radio”, polo que a avaliación do impacto visual e paisaxístico é moi deficiente.

Destacar que entre os puntos de observación que a empresa indica como máis significativos o impacto paisaxístico é significativo e moi severo:

Carballeira

Guriscado

Racamonde

Nabeira

Bostelo

Alto do Caxado

Vilachá

A Carballosa

Campo dos Nenos

Alto do Cadaval

A Veiga

A Veiga

Alto da Faladoira

Monte Agudo

Monte Taboada

Castelo

Monte Francoi

Coto dos Penidos

O Padrón

Coto do Meixón

Monte Eixil

Rande

Alto do Mazanteo

Monte Herbeira

A zona do proxecto do parque eólico correspóndese coa Folla 50.000 nº 7 do MAGMA denominada “Cedeira” e a nº8 “Viveiro”.

Xeograficamente, a presente Folla sitúase ao norte da provincia da Coruña e Lugo, formando parte dunha das zonas máis belas do litoral atlántico.

A ría de Cedeira está formada por tres lóbulos internos separados polas elevacións do Monte das Croas e a Atalaia. O primeiro corresponde ao esteiro do río Condomiñas, que se atopa colmatado e rodeado pola praia de Cedeira, xunto á cal, nun promontorio, localízase a Vila do mesmo nome; o segundo corresponde ao esteiro do ría de As Mestas, cuxo esteiro

está activo e atópase en proceso de colmatación, coa formación de areais e marismas; e o terceiro, no esteiro do río das Forcadas, máis pequeno e menos evolucionado, forma co anterior a praia de Loira ou de Vilarrube. Este conxunto constitúe un magnífico estero intermareal. O sector da ría áis externo é escarpado e non posúe ningunha praia. Termina a ría, preto do mar, nas puntas Chirlateira e Lamela.

O escarpe da serra da Capelada, cun desnivel duns 600 m, é o maior do litoral atlántico europeo e nel ábrese a enseada de San Andrés, sobre a que queda colgado o pobo de Teixido, co seu famoso santuario. As praias e areais de Frouxeira Doniños pechan os espazos intermareais, nos que aínda se conservan as lagoas do mesmo nome, en proceso de colmatación.

O cabo Prior, a cuxo abrigo se forman as praias de Santa Comba e San Xurso, son outros elementos destacados da paisaxe costeira.

Afección significativa e severa sobre o Camiño de San Andrés. Roteiro de peregrinación a San Andrés de Teixido.

De relevancia tamén resulta ter visibilidade o camiño de Santo San André, durante gran parte do seu percorrido, sobre todo no último tramo, á chegada ás zonas máis altas do monte de Herbeira, concretamente á altura dos miradoiros, Banco-Miradoiro Chao do Monte e o Miradoiro dos Carrí, os cales terán visibilidade tamén do parque.

Desde as praias observarase o parque eólico, por exemplo desde a praia do Pantín, e desde o núcleo de Cedeira.

En canto á Liña de Alta Tensión o feísmo paisaxístico tamen se evidencia de xeito significativo e severo. O Alto de Cadaval e o vértice xeodésico de Nabeira e o de máis ao norte, Monte Franco, divisarase algunha parte da liña de evacuación. Destacar tamén como punto importante o Lago das Pontes, pois desde este será visible a liña de evacuación, e é un lago que ten máis de 400 metros de praias e ademais é navegable, polo que atrae a un gran número de persoas, sobre todo durante a época de verán.

Destacar tamén o Camiño de Santiago, xa que terá visibilidade un tramo do trazado entre Ferrol e Narón.

Hai que ter en conta que o feísmo incrementase proporcionalmente considerando o total dos parques eólicos que están actualmente en funcionamento, son 2.281 aerogeradores os que se atopan no mesmo ámbito xeográfico.

Estase a producir unha sobreexplotación industrial eólica dentro das mesmas comarcas, fundamentalmente O Eume, Ferrol-Terra e Ortegal. Estase a producir coa mancha de estacións eólicas a industrialización masiva do territorio que ata o de agora estaba constituído por mosaicos agro-gandeiros e forestais, aldeas dispersas e unha costa dunha beleza espectacular que vive do turismo e da hostalería.

FEÍSMO PAISAXÍSTICO E PREXUIZOS SIGNIFICATIVOS E IRREPARABLES PARA AS FAMILIAS QUE VIVEN E RESIDEN NOS NÚCLEOS RURAIS AFECTADOS, PARA O TURISMO E A HOSTALERÍA.

En canto ás liñas de Alta Tensión, destacar que son varias as liñas de 132 kV as que se atopan contorna aos aerogeradores do parque eólico. Dúas das liñas de 132 kV intersecan coa liña de evacuación incrementando o feísmo paisaxístico.

A mercantil promotora non avalía a afección visual do parque e da liña de evacuación nos núcleos de menos de 100 habitantes.

O feísmo paisaxístico afecta directamente ao benestar da poboación e á saúde e ao benestar das familias que viven e residen nos núcleos rurais.

O proxecto afecta de forma significativa e severa aos seguintes puntos de interese:

- Casa Grande de Enchousas A Carba
- Castelo da Concepción A Carballosa
- Castelo da Palma A Veiga
- Castelo de Moeche A Veiga
- Castelo de Nararó Alto da Faladoira
- Monasterio San Xoán de Caaveiro Alto do Cadaval
- Camino inglés de Santiago Alto do Caxado
- Conxunto histórico Barrio da Madalena. Ferrol Alto do Mazanteo
- Conxunto histórico Barrio de Ferrol Vello Bostelo
- Mirador Pena Furada Campo dos Nenos
- Mirador Punta Ouzal ou Punta Prucallo Carballeira

Miradoiro Coto do Rei Castelo
Miradoiro de Aldarete Coto do Meixón
Miradoiro de Monte Lagoa Coto dos Penidos
Mirador Teixido Fontardiñ
Miradorio da Ermida de Chamorro Guriscado
Miradoiro de Garita Herbeira Lagoa
Miradoiro de Miranda Mariña
Miradoiro de Monte Lagoa Marraxón
Miradoiro de San Antonio de Corveiro Monte Agudo
Miradoiro Xardíns de Herrera Monte Eixil
Mirador de Caaveiro Monte Francoi
Mirador de Caranza Monte Herbeira
Pena Furada Monte Taboada
PR-G 147 Sendeiro As Fragas da Ribeira e do Lostegal Montouto
PR-G 8 Morgallón - Río Sor - Morgallón Nabeira
Rande O Padró
Vilachá Penedo

Prexuízos significativos e irreversibles para Áreas protexidas e Espazos Naturais Protexidos e zonas pertencentes á Rede Natura 2000 e outros espazos protexidos:

A liña de evacuación L/220 kV Barqueiro-As Pontes prevé sobrevoar o ZEC Ortigueira-Mera ao longo de 13 m, entre os apoios nº 114 e 115.

As figuras de Rede Natura 2000 afectadas son:

- ZEC Costa Ártabra
- ZEC Xubia – Castro
- ZEC Ortigueira-Mera
- ZEC Serra do Xistral
- ZEC Fragas do Eume
- Humidal protexido: “Lagoa e areal de Valdoviño”

Áreas de Importancia para as Aves (IBAS):

- IBA nº 5 Costa de Ferrolterra-Valdoviño
- IBA nº 6 Punta Candieira-Ría de Ortigueira-Estaca de Bares

Plans de Recuperación ou Conservación de Especies Ameazadas:

- Plan de Conservación do *Charadrius alexandrinus* en Galicia, Decreto 9/2014, do 23 de xaneiro.
- Plan de Recuperación da subespecie lusitánica do escribano palustre (*Emberiza schoeniclus lusitanica*) en Galicia, Decreto 75/2013, do 10 de maio, solapado coa área de localización do parque eólico e a súa liña de evacuación
- LIG próximo á liña de evacuación a 1.000 m. Denomínase “GM014 Espeleotemas na mina de Cu de Piquito”

Como parte destas reservas hidrolóxicas, o concepto de Reserva Natural Fluvial orixinouse a través da Lei 11/2005, do 22 de xuño, pola que se modifica a Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan Hidrolóxico Nacional, que introduciu a seguinte modificación do Texto Refundido da Lei de Augas:

Catro. O apartado 1. b. c) do artigo 42 queda redactado nos seguintes termos:

«A asignación e reserva de recursos para usos e demandas actuais e futuros, así como para a conservación e recuperación do medio natural. A este efecto determinaranse:

Os caudais ecolóxicos, entendendo como tales os que mantén como mínimo a vida piscícola que de maneira natural habitaría ou puidese habitar no río, así como a súa vexetación de ribeira:

As reservas naturais fluviais, coa finalidade de preservar, sen alteracións, aqueles tramos de ríos con escasa ou nula intervención humana. Estas reservas circunscribíranse estritamente aos bens de dominio público hidráulico.»

Na contorna do proxecto atópanse as reservas:
•Nº ES014 RNFL000000003 "Rio Mera. Zona Rego dúas Carris"
•ES014 RNFL000000004 "Rio Mera. Zona Rego de Soutouchao"

☞ **Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e créanse o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.**

Disposición transitoria segunda. Áreas de desenvolvemento eólico.

"2. En caso das áreas de desenvolvemento eólico en que se produza superposición coa Rede Natura, a zona de superposición que afecte a aquela non se considerará apta para implantar novos parques eólicos, excepto proxectos de modificación de parques eólicos nos termos indicados no artigo 32 da presente lei. **Esta limitación farase extensiva á totalidade das instalacións do parque eólico contempladas na poligonal establecida no seu proxecto de execución**"

Costa Ártabra

Código da ZEC

ES1110002

Rexión

Atlántica.

Data declaración LIC

29 de decembro de 2004. Decisión da Comisión do 7 de decembro de 2004, pola que se aproba a lista de lugares de importancia comunitaria da rexión biogeográfica atlántica.

Data declaración ZEC

31 de marzo de 2014. Decreto 37/2014, do 27 de marzo de 2004, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia.

Instrumentos de planificación

Plan director da Rede Natura 2000. Decreto 37/2014.

Concellos

Cariño, Ortigueira, Cedeira, Valdoviño, Narón, Ferrol, Mugardos, Ares.

Superficie

7.546 ha.

Situación

Tramo costeiro do norte da provincia da Coruña, correspondente á comarca de Ferrol e unha parte da de Ortegal.

Localidades de referencia: Ferrol, Valdoviño, Cedeira, Cariño.

Outras figuras de protección

Zona de Especial Protección para as Aves: ZEPA ES0000258 "Costa de Ferrolterra-Valdoviño", 4.266 ha).

Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais "Costa Ártabra" de 7.546 ha e "Costa de Ferrolterra-Valdoviño" de 4.266 ha.

Humidal Protexido "Lagoa e areal de Valdoviño"; de 485 ha).

Humidal Ramsar "Lagoa e areal de Valdoviño, 7ES025; 485 ha).

A área correspóndese parcialmente coa IBA 005 Costa de Ferrolterra-Valdoviño e a IBA 006 Punta Candieira-Ría de Ortigueira-Estaca de Bares, incluídas no inventario de SEO/BirdLife (1998).

Tipos de hábitats do Anexo I da Directiva 92/43/CEE

Código	Denominación
1110	Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda

1130	Esteiros
1140	Chairas lamacentas ou arentas que non están cubertos de auga na baixamar
1150 B	Lagoas costeiras
1160	Grandes calas e baías pouco profundas
1170	Arrecifes
1210	Vexetación anual sobre argazos
1220	Vexetación perenne de coídos
1230	Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas
1310	Vexetación anual pioneira con <i>Salicornia</i> e outras especies de zonas lamacentas ou arentas
1330	Pasteiros salinos atlánticos (<i>Glauco-Puccinellietalia maritima</i>)
1420	Matogueiras halófilas mediterráneas e termoatlánticas (<i>Sarcocornetea fruticosae</i>)
2110	Dunas móbiles embrionarias
2120	Dunas móbiles de litoral con <i>Ammophila arenaria</i> (dunas brancas)
2130 B	Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises)
2150 B	Dunas fixas descalcificadas atlánticas (<i>Calluno-Ulicetea</i>)
2190	Depresións intradunales húmidas
2230	Dunas con céspedes do <i>Malcolmietalia</i>
2260	Dunas con vexetación esclerófila do <i>Cisto-Lavenduletalia</i>
3130	Augas estancadas, oligotróficas ou mesotróficas con vexetación de <i>Littorelletea uniflorae</i> e/ou <i>Isoeto-Nanojuncetea</i>
3150	Lagos eutróficos naturais con vexetación <i>Magnopotamion</i> ou <i>Hydrocharition</i>
3260	Ríos dos pisos basal a montano con vexetación de <i>Ranunculion fluitantis</i> e de <i>Callitricho-Batrachion</i>
4020 B	Queirogais húmidos atlánticos de zonas temperadas de <i>Erica ciliaris</i> e <i>Erica tetralix</i>
4030	Queirogais secos europeos
4040 B	Queirogais secos atlánticos costeiros de <i>Erica vagans</i>
5230 B	Matogueiras arborescentes de <i>Laurus nobilis</i>
6220 B	Zonas subestépicas de gramíneas e anuais do <i>Thero-Brachypodietae</i>
6410	Prados con molinias sobre substratos calcáreos, turbosos ou arxilo-limosos (<i>Molinion caeruleae</i>)
6420	Prados húmidos mediterráneos de herbas altas do <i>Molinion-Holoschoenion</i>
6430	Megaforbios eutrofos hidrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino
6510	Prados pobres de sega de baixa altitude (<i>Alopecurus pratensis</i> , <i>Sanguisorba officinalis</i>)
7110 B	Turbeiras altas activas
7120	Turbeiras altas degradadas que aínda poden rexenerarse de xeito natural
7130 B	Turbeiras de cobertor (* para as turbeiras activas)
7140	'Mires' de transición
7150	Depresións sobre substratos turbosos do <i>Rhynchosporion</i>
7210 B	Turbeiras calcarias do <i>Cladium mariscus</i> e con especies do <i>Caricion davallianae</i>
7220 B	Mananciais petrificantes con formación de tuf (<i>Cratoneurion</i>)
7230	Turbeiras baixas alcalinas
8130	Desprendementos mediterráneos occidentais e termófilos
8220	Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica
8230	Rochedos silíceos con vexetación pioneira do <i>Sedo-Scleranthion</i> ou do <i>Sedo albi-Veronicion dillenii</i>
8310	Covas non explotadas polo turismo
8330	Furnas mariñas

9180 B	Bosques de encostas, desprendementos ou barrancos do <i>Tilio-Acerion</i>
91E0 B	Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i> (<i>Alno-Padion</i> , <i>Alnion incanae</i> , <i>Salicion albae</i>)
9230	Carballeiras galaico-portugueses con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i>

Especies do Anexo II da Directiva 92/43/CEE

Flora	Invertebrados	Peixes
<i>Centaurea borjae</i>	<i>Coenagrion mercuriale</i>	<i>Alosa alosa</i>
<i>Culcita macrocarpa</i>	<i>Elona quimperiana</i>	<i>Alosa fallax</i>
<i>Festuca brigantina</i>	<i>Euphydryas aurinia</i>	
<i>Narcissus asturiensis</i>	<i>Geomalacus maculosus</i>	
<i>Omphalodes littoralis</i>	<i>Lucanus cervus</i>	
<i>Rumex rupestris</i>		
<i>Sphagnum pylaisii</i>		
<i>Trichomanes speciosum</i>		
<i>Woodwardia radicans</i>		

Anfibios/Réptiles	Mamíferos
<i>Caretta caretta</i>	<i>Galemys pyrenaicus</i>
<i>Chelonia mydas</i>	<i>Halichoerus grypus</i>
<i>Chioglossa lusitanica</i>	<i>Lutra lutra</i>
<i>Discoglossus galganoi</i>	<i>Myotis myotis</i>
<i>Lacerta monticola</i>	<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>
<i>Lacerta schreiberi</i>	<i>Rhinolophus hipposideros</i>

Xubia - Castro

Código ZEC

ES1110013

Rexión

Atlántica

Data declaración LIC

29 de decembro de 2004. Decisión da Comisión do 7 de decembro de 2004, pola que se aproba a lista de lugares de importancia comunitaria da rexión biogeográfica atlántica.

Data declaración ZEC

31 de marzo de 2014. Decreto 37/2014, do 27 de marzo de 2004, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.

Instrumentos de planificación

Plan director da Rede Natura 2000. Decreto 37/2014

Concellos

A Capela, Moeche, Narón, Neda, San Sadurniño, As Somozas, As Pontes de García Rodríguez.

Superficie

2.074 ha.

Situación

Conca do río Grande de Xubia, que desemboca na ría de Ferrol, ao norte da provincia da Coruña. Localidades de referencia:

Xubia, San Sadurniño, Moeche.

Outras figuras de protección

Zona de Especial Protección dos Valores Naturais "Xubia – Castro", de 2.074 ha.

Tipos de hábitats do Anexo I da Directiva 92/43/CEE

Código	Denominación
1130	Esteiros
3130	Augas estancadas, oligotróficas ou mesotróficas con vexetación de <i>Littorelletea uniflorae</i> e/ou <i>Isoeto-Nanojuncetea</i>
3160	Lagos e estanques distróficos naturais
3260	Ríos dos pisos basal a montano con vexetación de <i>Ranunculion fluitantis</i> e de <i>Callitricho-Batrachion</i>
4020 □	Queirogais húmidos atlánticos de zonas temperadas de <i>Erica ciliaris</i> e <i>Erica tetralix</i>
4030	Queirogais secos europeos
6220 □	Zonas subestépicas de gramíneas e anuais do <i>Thero-Brachypodietea</i>
6230 □	Formacións herbosas con <i>Nardus</i> , con numerosas especies, sobre substratos silíceos de zonas montañosas (e de zonas submontañosas da Europa continental)
6410	Prados con molinias sobre substratos calcáreos, turbosos ou arxilo-limosos (<i>Molinion caeruleae</i>)
6430	Megaforbios eutrofos hidrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino
6510	Prados pobres de sega de baixa altitude (<i>Alopecurus pratensis</i> , <i>Sanguisorba officinalis</i>)
7110 □	Turbeiras altas activas
7120	Turbeiras altas degradadas que aínda poden rexenerarse de xeito natural
7140	'Mires' de transición
7150	Depresións sobre substratos turbosos do <i>Rhynchosporion</i>
8220	Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica
8230	Rochedos silíceos con vexetación pioneira do <i>Sedo-Scleranthion</i> ou do <i>Sedo albi-Veronicion dillenii</i>
8310	Covas non explotadas polo turismo
91E0 □	Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i> (<i>Alno-Padion</i> , <i>Alnion incanae</i> , <i>Salicion albae</i>)
9230	Carballeiras galaico-portugueses con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i>

Especies do Anexo II da Directiva 92/43/CEE

Flora	Invertebrados	Peixes
<i>Culcita macrocarpa</i>	<i>Elona quimperiana</i>	<i>Chondrostoma polylepis</i>
<i>Woodwardia radicans</i>	<i>Euphydrys aurinia</i>	
	<i>Geomalacus maculosus</i>	
	<i>Lucanus cervus</i>	

Anfibios/Réptiles	Mamíferos
<i>Chioglossa lusitanica</i>	<i>Lutra lutra</i>
<i>Discoglossus galganoi</i>	<i>Myotis myotis</i>

<i>Lacerta monticola</i>	<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>
<i>Lacerta schreiberi</i>	<i>Rhinolophus hipposideros</i>

Ortigueira - Mera

Código ZEC

ES1110001

Rexión

Atlántica

Data declaración LIC

